

VERA ASTRONAUTA

Susanna Isern

Marta Moreno




edición en
GALEGO

Vera soña con estudar na Grande Academia Espacial,
quere ser astronauta!

Unha vez alí, descubrirá que son poucas rapazas,
pero iso non a deterá.

Vera adestrará con forza ata acadar o seu soño.



Na mesma colección:
Martina Futbolista

ISBN: 978-84-10406-31-5 www.nubeocho.com




nubeocho

VERA ASTRONAUTA



Susanna Isern

Marta Moreno


nubeocho



*A todas as nenas, para que nada nin ninguén
as deteña e poidan ser o que queiran ser.*

Susanna Isern

O mundo precisa das túas ideas e do teu talento. Adiante!

Marta Moreno

É

É G A L I T É

Vera Astronauta
Colección Egalité

© do texto: Susanna Isern, 2025
© das ilustracións: Marta Moreno, 2025
© da edición: NubeOcho, 2025
© da tradución: Iria Carballo, 2025
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Vera Astronauta*

Primeira edición: Abril, 2025
ISBN: 978-84-10406-31-5
Depósito Legal: M-272-2025

Impreso en Eslovenia.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

VERA ASTRONAUTA

Susanna Isern
Marta Moreno




nubeOCHO

Nunha afastada selva atopábase a Grande Academia Espacial,
a escola de astronautas máis famosa da Terra.

Todos os nenos e as nenas que querían ser astronautas tiñan
que pasar alí probas moi difíciles. Só os máis brillantes
consequían que os admitisen na academia.



Vera era una nena valente, lista e decidida.


Grazas ao seu esforzo conseguira alcanzar o seu soño:
estudar na Grande Academia Espacial.



Alí podería converterse en astronauta.

Vera estaba desexando que comezasen as clases.





O primeiro día, o comandante Polaris recibiu os seus estudantes.

—Douvos a benvida á Grande Academia Espacial. Hoxe comezan as clases e o adestramento. Cada un de vós enfrontarase a retos moi difíciles.

—Been! —berraron en coro.

—Ao final do curso haberá unha proba. Os tres alumnos que obteñan a mellor puntuación farán unha expedición ao planeta Marte.




Un forte aplauso estalou na sala. Vera mirou ao seu redor.
Sorpredeulle ver que só había outra nena ademais dela.

—Ola, son Vera.

—Eu chámome Ana. Que poucas nenas somos!


—Tanto ten, seguro que co tempo veñen máis á escola.



Ao longo do curso, Vera, Ana e o resto de aspirantes a astronauta recibiron un duro adestramento. Estudaron astronomía, fixeron exercicio físico e aprenderon a pilotar.



Vera esforzábese moito e era das mellores do seu grupo. Con todo, había un neno chamado Leo que a miraba co cello engurrado. Vera non entendía por que.



Un día o comandante Polaris anunciou
o que tanto esperaban.

—Chegou a hora da proba. Os tres
alumnos con mellores resultados
farán a expedición a Marte.

Vera sentiu un calafrío. Desexaba con todas as súas forzas ser unha
das seleccionadas. Pero por que Leo e os seus amigos murmuraban?

